

Solicitud e documentación

As solicitudes presentaranse nos modelos normalizados que figuran como anexos a Orde de 6 de agosto de 2012 xunto coa documentación orixinal ou copia compulsada requerida para cada caso.

E dirixiranse ao órgano competente para resolver da Consellería de Traballo e Benestar e presentaranse nos rexistros da Xunta de Galicia, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Tamén poderán presentarse electronicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo <https://sede.xunta.es>



Máis información:

Axencia Local de Colocación

Edificio Administrativo Municipal

Rúa Alcalde Raimundo López Pol, s/n

TI. 981543060 Fax 981542407

E-mail: axencialocaldecolocacion@santiagodecompostela.org

Web: www.axencialocaldecolocacion.org



Axencia Local de Colocación
Santiago de Compostela

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN INDEFINIDA DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR



CONCELLO DE
SANTIAGO

Concellaría de Familia, Benestar Social
Muller e Emprego



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Promoción do Emprego



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN INDEFINIDA

(Orde do 6 de agosto de 2012 – DOG 155, de 14 de agosto)

	Programa CONII contratación indefinida inicial	Programa CONII P contratación indefinida a tempo parcial	Programa Estabiliza transformación contratos temporais en indefinidos
Formalización dos contratos	Serán suvencionables as contratacións realizadas desde o 1 de outubro de 2011 ata o 30 de setembro de 2012. Os incentivos serán para ás contratacións indefinidas iniciais a tempo completo que realicen as entidades colaboradoras (definidas no artigo 2 da Norma) con aquelas persoas desempregadas que estean inscritas no SEPE e teñan participado ou participen nalgún dos programas de fomento da empregabilidade. Sendo prioritarios, a maiores dos colectivos xa mencionados os de: Persoas desempregadas receptoras de RISGA, Víctimas de violencia de xénero, Persoas desempregadas que pertencen a colectivos en risco de exclusión social, Mulleres desempregadas	Serán suvencionables as contratacións realizadas desde o 1 de outubro de 2011 ata o 30 de setembro de 2012. Os incentivos previstos ao abeiro deste programa aplicaranse ás contratacións indefinidas iniciais a tempo parcial cunha duración igual ao 50% da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou da xornada máxima legal que desenvolvan as entidades colaboradoras con aquelas persoas consideradas participantes activas (persoas desempregadas inscritas no SEPE que participe nalgún dos programas de fomento da empregabilidade.)	Todos os contratos temporais que estando viventes ata o 31 de setembro de 2011 se convertiran en indefinidos desde o día 1 de outubro de 2011 ata o 14 de agosto de 2012. Todos os contratos temporais que estando viventes o 14 de agosto de 2012 se transformen en indefinidos antes do 30 de setembro de 2012 Todos os contratos que veñan dun contrato en prácticas, para a formación e aprendizaxe, de revencemento ou de substitución por anticipación da idade de xubilación e se transformen en indefinidos antes do 31 de setembro de 2012.
Incentivos	Contratación indefinida inicial: 5.400€ Contratación por microempresa: 6.300€ Microempresa para prestar servizos en concello rural 7.200€ Empresas que no momento da contratación conten cun 75% do persoal como indefinido: 6.000€ Microempresas que no momento da contratación conten cun 75% do persoal como indefinido: 7.000€ Microempresas que no momento da contratación conten cun 75% do persoal como indefinido e presten servizos nun concello rural: 8.000€ Todos estes supostos contan cun incremento de 500€ no caso de que a contratación sexa dunha muller	As contratacións que cumpran os requisitos incentivaranse con 2.500€.	As transformacións de contratos temporais en indefinidos que cumpran os requisitos e condicións establecidos neste anexo incentivaranse con 2.000 euros. A contía dos incentivos será proporcional ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, da xornada ordinaria máxima legal.
Requisitos	<ul style="list-style-type: none"> Os contratos deberán ter carácter indefinido na súa titulación profesional ou formativa, agás que carezan dela. O cadro de persoal fixo no ámbito territorial de Galicia deberá incrementarse respecto da media dos tres meses anteriores ao mes da contratación pola que se solicita a subvención e consecuentemente o emprego neto da empresa no mesmo tempo e ámbito territorial. Os traballadores fixos discontinuos computaránse como persoal fixo. Non computarán as baixas de traballadores fixos por propia vontade, morte, xubilación, incapacidade total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecida. As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego tal e como establece a Norma. 	A xornada da contratación corresponderase co 50% da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou da xornada máxima legal. O cadro de persoal fixo no ámbito territorial de Galicia deberá incrementarse respecto da media dos tres meses anteriores ao mes da contratación pola que se solicita a subvención e consecuentemente o emprego neto da empresa no mesmo tempo e ámbito territorial. Os traballadores fixos discontinuos computaránse como persoal fixo. Non computarán as baixas de traballadores fixos por propia vontade, morte, xubilación, incapacidade total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecida. As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.	Só poderán optar a esta subvención as denominadas microempresas, é dicir, aquelas nas que a media aritmética do persoal radicado en Galicia non supere os 10 traballadores e o seu volume de negocio estea por debaixo dos 2 millóns de euros. Consecuencia da contratación será o incremento do cadro de persoal fixo en Galicia respecto dos tres meses anteriores. Estarán fora do cálculo as baixas de traballadores fixos por propia vontade, morte, xubilación, incapacidade total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecida
Exclusións	<ul style="list-style-type: none"> As relacións de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Estatuto dos traballadores Os casos nos que a persoa contratada manteña unha relación familiar de ata o 2º grao de parentesco coa persoa empresaria ou cargos de responsabilidade coa excepción de que o empregador sexa un traballador/a autónoma que contrate a fillos menores de 30 anos ou familiar menor de 45 anos que non conviva no fogar nin estea ao seu cargo. As persoas que nos 24 meses anteriores prestasen servizos a empresa ou grupo de empresas mediante contrato indefinido ou nos tres últimos meses mediante contrato temporal ou formativo. <p>Os traballadores/as que rematasen unha relación laboral indefinida nos tres meses previos a formalización do contrato para o que se solicita a subvención.</p>		
Obrigas entidades beneficiarias	Manter ás persoas traballadoras subvencionadas durante tres anos desde a contratación. No caso de extinguirse o contrato deberá cubrirse a vacante no prazo dun mes cunha nova persoa que deberá ser participante activo e pertencer ao colectivo de persoas beneficiarias xa mencionado sen que esta incorporación supoña unha nova axuda. Manter durante tres anos o número de persoas traballadoras fixas e netas contando desde a data da contratación.	Manter, durante un período de tres anos desde a contratación e cunha duración de xornada do 50%, ás persoas traballadoras subvencionadas. No caso de extinguirse o contrato deberá cubrirse a vacante no prazo dun mes cunha persoa que deberá ser participante activo dalgún dos programas de fomento da empregabilidade en condicións de percibir unha subvención por importe igual ou superior á que causou baixa e cunha xornada de traballo igual á anterior sen que esta incorporación supoña a percepción dunha nova axuda. Manter durante tres anos o número de persoas traballadoras fixas e netas contando desde a data da contratación.	Manter no seu cadro de persoal fixo ás persoas traballadoras subvencionadas ao abeiro desta orde durante un período de tres anos contado desde a data de realización da transformación. Manter o número de persoas traballadoras fixas do seu cadro de persoal durante tres anos, que se contarán desde a data de realización da transformación.